



### Che de Carou


O Che de Carou é un mono negro que ten unha chepa moi grande, dous rabos que lle saen do cu e peitos de muller. Este espécime aliméntase de “Estrellas Galicia” e cacahuetes.

Din que se o encontras cando tomou moitas Estrellas, ten o poder de conceder desexos; pódelo atopar en calquera bar da parroquia de Tállara.

(David Vázquez Vergés)

### Furacán

O furacán é un can de cor vermella. Ten o corpo pequeno, alongado e delgado, e as patas curtas coma as dun furón. O rabo e as orellas son coma as dun can.



A súa alimentación é variada, come todo o que encontra polas casas ás que vai. É xoguetón coma os cans e curioso coma os furóns. Ponse a remexer en tódolos caixóns e andeis das casas.

As súas cualidades só son negativas. Mentres a xente dorme, métese nos seus cuartos e fai que os soños das persoas sexan pesadelos. Para espantalo, hai que pór un pouco de auga nas fiestras e portas da casa. É aconsellable tamén colocar ao lado da cama unha cabeza de allo para ter soños fermosos.

(Lucía Saavedra)

### Pirucornio

O pirucornio é un animal semellante ao cabalo, de cor rosa e cun corno dourado na cabeza. É tan pequeno coma un poni e ten os ollos azuis e vidrosos.

Vén polas noites ás casas dos nenos de entre catro e nove anos, expulsa un bafo nos seus cepillos de dentes e fai que mentres os lavan debiliten a enxiva; así, pouco a pouco van perdendo os incisivos. Cada vez que lle caen, o pirucornio volve a esa casa e expulsa outro bafo, que se encarga de que lle volva medrar outro dente tan forte que ninguén poida sacarllo.

O que fan as familias dos nenos é meter o dente debaixo da almofada, porque esa mesma noite o pirucornio transfórmase no máis coñecido Ratiño Pérez e trócalle o dente por unha moeda de chocolate.



(Lucía Lojo)

## Dinocán

O dinocán é un animal que ten a cabez dun dinosaurio e o corpo dun can. Aliméntase de follas e da compañía dos nenos polas tardes. A súa función é protexer aos nenos pequenos . Acostuma aparecer á hora da merenda para xogar con eles.

O dinocán escolrega aos nenos polo seu pescozo para que o pasen agarimoso que é.

(Oscarina Martínez P.)

